

CANTIGAS DE BRANDOMIL

Brandomil, Brandomiliño
a auga de Brandomil
no beber parece viño.

A ponte de Brandomil
parece un xardín de froes
por debaixo pasa o río
e por riba os meus amores.

Brandomil dín que é feo
porque non ten balcóns
pero ten mozas guapas
que rouban os corazóns.

O logar de Brandomil
moi bonito poder ser,
ten un loureiro no medio
que alumía sin arder.

A auga de Brandomil
non lla damos a ninguén
que a bebemos nos toda
por eso cantamos ben.

Pasei a ponte de Noia
pasei a de Redondela
pasei a de Brandomil
e quedoume o corazón nela.

Adeus Brandomil alegre
á espalda che vou mirando
a despedida é triste
a volta sabe Deus cando.

De Brandomil somos nos
anque de Brandomil somos
sabemos amar a Dios.

Adeus Brandomil alegre
calle de xunto cruceiro
onde espera miña moza
e a do meu compañeiro.

O cura de Brandomil
vestidiño de vermello
na vila de Santiago
non entra mellor espello.

Brandomil é boa terra
Brandomil é bo logar
Brandomil é boa terra
se fora porto de mar.

O logar de Brandomil
o lonxe parece unha vila
ten un caravel na entrada
unha rosa na saída.

A Brandomil quero ir
anque me poñan cancelas
ou guindalas ou rompelas
ou pasar por riba delas.